

# EDITAR POESÍA PROFANA GALEGO-PORTUGUESA NO SÉCULO XXI\*

LETICIA EIRÍN  
*Universidade da Coruña*

## RESUMO

No presente traballo realizamos unha panorámica das edicións críticas sobre a poesía profana galego-portuguesa publicadas nos últimos anos, máis concretamente no período 2000-2016. Nesta etapa foron aparecendo un bo número de edicións en diversas áreas xeográficas (nomeadamente Galiza e Italia), realizadas desde diferentes perspectivas, e a súa análise ofrécenos unha visión cualitativa que pode guiar os eventuais camiños a seguir na edición da poesía profana galego-portuguesa no século XXI.

**PALABRAS CHAVE:** Edición crítica, poesía profana galego-portuguesa, literatura medieval.

## ABSTRACT

In this article we develop an overview of the critical editions on the Galician-Portuguese profane poetry published in recent years, specifically in the period 2000-2016. At this stage a number of editions have appeared in diverse geographic areas (especially in Galicia and Italy), made from different perspectives, and their analysis offers a qualitative approach that will guide the possible paths to follow in the edition of Galician-Portuguese profane poetry in the XXI century.

**KEYWORDS:** Critical edition, Galician-Portuguese profane poetry, medieval literature.

\* Este traballo insíbese no proxecto de investigación *Glosario crítico da poesía medieval galego-portuguesa. III. Edición crítica dixital das cantigas de amor* (FFI2015-63523-P), subsidiado polo Ministerio de Economía e Competitividade.

## 1.

Desde que nas últimas décadas do século XIX se comezou a divulgar e estudar a nosa poesía trobadoresca, son abondosas as achegas editoriais realizadas por especialistas procedentes de diversas áreas xeográficas. Neste século e medio foron, pois, saíndo á luz un bo número de edicións de diverso teor —facsimilares, diplomáticas, semidiplomáticas e críticas— centradas nos cancioneros, organizadas por xéneros ou ben dedicadas á produción lírica dun trobador en concreto. Baixo o título deste traballo, «Editar poesía profana galego-portuguesa no século XXI», pretendemos realizar un breve curso analítico e reflexivo das edicións críticas sobre a poesía profana galego-portuguesa publicadas desde o comezo do presente século, isto é, no período 2000-2016.

Nestes últimos anos non faltaron voces críticas amplamente especializadas que acometeron o labor de compilar e examinar as publicacións que neste ámbito saíron á luz desde os inicios, desde finais do século XIX. Estamos a nos referir, en primeiro lugar, á completa, atinada e reflexiva análise que Elsa Gonçalves (2007) realizou para o *II Congreso Virtual do Departamento de Literaturas Románicas* da Universidade de Lisboa, que precisamente co título *Edição de Texto* se desenvolveu en 2007. Tamén Mariña Arbor (2013) publicou uns anos despois un artigo titulado «Edición e edicións: a propósito de crítica textual e lírica medieval (profana) galego-portuguesa (I)» —do que agardamos a aparición da segunda parte—, onde revisa o labor ecdótico realizado no ámbito da poesía profana galego-portuguesa desde os seus inicios ata a década de 1960, momento en que a escola italiana comeza os seus traballos.

## 2. EDICIÓNS CRÍTICAS PUBLICADAS ENTRE OS ANOS 2000 E 2016

Mais centrándonos xa nos dezaseis anos transcorridos deste século XXI, temos de dicir que, cando menos en termos cuantitativos, o «estado de saúde» da edición crítica galego-portuguesa semella bo (e iremos matizando este aspecto), pois contabilizamos máis de vinte edicións individuais e dúas edicións por xéneros. Temos de ter presente que nos estamos a referir unicamente a edicións publicadas, non incluímos aquelas outras que, por exemplo, son resultado de teses de doutoramento que aínda se encontran inéditas, aínda que hoxe en día, e grazas aos repositorios institucionais das universidades, poden ser, na súa maioría, consultadas en liña.

## 2.1. EDICIÓNS POR XÉNEROS

Comezando polas edicións por xéneros<sup>1</sup>, temos, en primeiro lugar, a realizada por Graça Videira Lopes sobre as cantigas de escarnio e maldicer no ano 2002, e só un ano despois saíu á luz a edición das cantigas de amigo feita polo norteamericano Rip Cohen. Ambas foron publicadas en Portugal.

A aparición a comezos do século, e de maneira tan continuada destas dúas obras, semella case a apertura dun camiño de renovación das edicións de conxunto, por xéneros, que habitualmente veñen funcionando como ‘vulgatas’ do *corpus* trobadoresco galego-portugués. Porén, temos de nos cuestionar —tal e como xa ten sido posto en relevo en diversas ocasións— a necesidade destes traballos. A respecto do *corpus* das cantigas satíricas, contabamos xa coa meritoria edición crítica de Lapa do ano 1965, cunha segunda edición revisada e acrecentada no ano 1970 (e reimpresa no 1995); tal vez tería sido suficiente cunha nova reimpresión desta obra coas correccións necesarias aparecidas en notas (Gonçalves, 2007: 48–49), mais Videira Lopes viu a necesidade dunha actualización debido, tal e como ela propia indica na introdución (Lopes, 2002: 15), ao aumento do *corpus* baseándose nunha aplicación máis estrita do equívoco —entre outros aspectos— e á necesidade dunha revisión da lectura e interpretación dalgunhas das cantigas editadas por Lapa. O resultado é unha edición que non é exactamente crítica porque non presenta unhas notas e, sobre todo, uns aparellos de variantes claros e sistemáticos, para alén de emendar lecturas correctas de Lapa substituíndoas por outras máis «adiviñativas» e menos fieis aos testemuños.

Por outra parte, a edición das cantigas de amigo de Rip Cohen constitúe, en palabras de Ramón Lorenzo na pormenorizada recensión que lle dedicou, «unha obra moi seria, que supera todas as edicións anteriores e que será de referencia obrigada para todos os estudiosos das cantigas trobadorescas» (Lorenzo, 2005: 217). Concordamos en boa medida con estas palabras, a pesar dalgunhas cuestións discutíbeis como a ordenación dos trobadores, certas escollos gráficas etc. En calquera caso, esta obra vén substituír ás *Cantigas d'Amigo dos Trovadores Galego-Portugueses* que nos anos vinte publicou José Joaquim Nunes (1926–28), edición xa obsoleta e mellorábel se temos en conta os avances técnicos e de coñecementos que se produciron con posterioridade.

Vistas estas dúas obras publicadas nos primeiros anos da centuria, o esperábel (ou desexábel) sería a aparición dunha nova edición do cancionero de amor —que viñese actualizar as *Cantigas d'Amor* de Nunes (1932)—, empresa que algún especialista podería ter acometido movido polo estímulo de ofrecer ao

1. Dadas as características deste traballo, faremos mención a diversas edicións críticas cuxos datos bibliográficos completos aparecen recollidos nas «Referencias bibliográficas» finais.

público especializado unha nova publicación centrada no xénero de amor que completase esta nova fixación textual das cantigas pertencentes aos tres xéneros canónicos da poesía galego-portuguesa. Porén, até ao presente é algo que aínda non aconteceu, quizais polos esforzos que moitos dos investigadores realizaron e están a realizar no ámbito das edicións de cancioneros individuais.

## 2.2. EDICIÓNS DE CACIONEROS INDIVIDUAIS

E así é. Moitos dos especialistas en crítica textual e lírica galego-portuguesa decidiron neste inicio da centuria centrar o seu labor investigador nas edicións da produción poética individual dos trobadores, continuando o camiño iniciado —de maneira maxistral— por Henry R. Lang no ano 1894 coa publicación da primeira edición que podemos realmente adxectivar como «crítica» nos estudos sobre a lírica galego-portuguesa, dedicada ao cancionero do rei e trobador Don Denis, o máis prolífico da nosa escola.

Como sabemos, boa parte dos trobadores e xograres compuxeron cantigas pertencentes a máis dun dos xéneros canónicos, razón pola cal a agrupación nunha única edición crítica dos textos pertencentes a un autor posúe unha grande importancia porque nos permite caracterizar o conxunto da súa produción, a súa «personalidade» poética, a súa capacidade para se integrar na tradición lírica previa, mais tamén a mestría para introducir innovacións, o estilo, a lingua, as cortes que frecuentou etc. En definitiva, unha valoración completa do seu lugar na escola trobadoresca nacida no occidente peninsular.

Vexamos agora a relación das edicións individuais organizadas por lustros:

### **Anos 2001-2005**

Neste caso contamos con cinco edicións, curiosamente dúas do mesmo trobador, Afonso Sanchez, e realizadas unha delas por Mariña Arbor e a outra por Nicoletta Longo, unha en ámbito galego e outra en ámbito italiano, e publicadas ademais en anos consecutivos (2001 e 2002). Ambas son resultado das teses de doutoramento das súas autoras e ambas teñen unhas bases metodolóxicas claras e coidadas, mais o confronto entre elas amósanos as diferenzas: na de Mariña Arbor ten grande relevancia o apartado biográfico e a pormenorizada e clara exposición dos criterios de edición, mentres que no traballo de Nicoletta Longo se presta especial atención á tradición manuscrita e á caracterización poética do trobador. E para alén de certas diverxencias textuais —nas cales non nos deteremos aquí (Gonçalves, 2008: 42-47)—, no apartado destinado aos textos é chamativa, na edición de Arbor, a amplitude e o rigor das notas e dos aparellos de variantes, que, por outra parte, amosan tamén a pouca relevancia (mesmo inutilidade) do Cancioneiro de Berkeley (*K*), que Longo non contempla.

No ano 2001 foi publicada en Italia a edición do cancionero profano do rei Sabio, realizada por Juan Paredes, catedrático de Filoloxía Románica da Universidade de Granada, e á que faremos referencia máis adiante, a propósito da súa nova edición no ano 2010 como Anexo da revista *Verba*.

En 2004 veu a lume a edición do trobador Gonçal'Eanes do Vinhal realizada por Antonia Víñez. Trátase dunha parte da tese de doutoramento da súa autora, defendida no ano 1993, e publicada por vez primeira once anos despois, mais sen ter sometido a actualización nin a bibliografía nin a edición dos textos, feito que en certa medida furta parte do seu valor á que constitúe á primeira edición individual deste trobador.

E por último, dentro deste primeiro lustro da centuria, no ano 2005 Xulio Pardo de Neyra publica a edición de Martín Padrozelos. Estamos perante unha edición «peculiar», cunha fixación textual decote errada e cun proceder crítico e unha presentación dos contidos discutíbel e pouco eficaz, para alén de o editor introducir consideracións negativas sobre a «rixidez» dos estudos literarios medievais, cuestión que, consideramos, debería ser tratada ou debatida noutro foro ou tipo de publicación. E aínda que si podemos concordar en que estes traballos tenden cara a unha certa praxe ou usos establecidos xa desde vello, tamén consideramos que as peculiaridades e dificultades ecdóticas ou retórico-literarias que a nosa lírica medieval presenta fan necesario o seguimento de certas normas ou convencións á hora de nos achegar criticamente a un texto.

### **Anos 2006-2010**

No segundo lustro do século son sete as publicacións neste ámbito. No ano 2007 aparecen dúas delas, unha vén da man da italiana Roberta Fregonese, que edita o trobador Joan Vaasquiz de Talaveira, mentres que Laura Tato, profesora da Universidade da Coruña, fai o propio con Pero Meendiz da Fonseca. Dúas edicións críticas dos cancioneros de dous trobadores galego-portugueses que aínda non contaban cunha edición individualizada.

A primeira, centrada en Joan Vaasquiz de Talaveira, é unha edición bastante conservadora desde un punto de vista textual e que tende, por veces, a caer nunha excesiva rixidez e teorización. Inclúese unha análise realmente rigorosa dos textos, sobre todo a nivel lingüístico, mais botamos en falta unha maior presenza do comentario retórico e literario —que a autora relega ás páxinas da introdución dun modo bastante sumario e enumerativo—, especialmente nas tenzóns e nas cantigas satíricas dedicadas á soldadeira Maria Balteira.

En canto á edición de Pero Meendiz da Fonseca realizada por Laura Tato, cremos que se trata dunha obra que segue unha metodoloxía ben fundamentada e que inclúe todos os pasos que unha edición crítica de poesía medieval debe seguir. Se algo fica claro é o esforzo que a editora realiza por facer comprender e

valorar a época medieval e a nosa literatura trobadoresca como un monumento histórico que debemos conservar e transmitir.

No ano 2008 aparece na *Revista galega de filoloxía* a edición da única cantiga conservada de Estevan Perez Froian, vasalo dos monarcas casteláns Afonso X e Sancho IV. Debemos esta achega a Mariña Arbor, profesora da Universidade de Santiago de Compostela, que máis unha vez demostra o seu rigor investigador ofrecéndonos unha fundamentada biografía do poeta, o texto crítico de *Senhor, se o outro mundo passar* (B 923/V 511) coas súas correspondentes anotacións e a análise da tradición manuscrita.

No mesmo ano 2008 sae á luz a edición de Afonso Lopez de Baian realizada pola tamén profesora da Universidade de Santiago Pilar Lorenzo Gradín; e ela mesma, dous anos máis tarde, en colaboración con Simone Marcenaro, publica o cancionero de Roi Queimado, na mesma editora italiana en que xa saíra a anterior, isto é, Edizioni dell'Orso, e dentro da colección Medioevo Ispanico, dirixida pola propia Pilar Lorenzo. O volume centrado en Afonso Lopez de Baian mostra o amplo coñecemento que Lorenzo Gradín posúe non só da poesía galego-portuguesa, senón tamén da literatura provenzal e románica no seu conxunto, como se percibe na análise métrica e literaria, así como nas amplísimas notas —en ocasións case excesivas— de diverso teor que acompañan os textos.

A respecto de *Il canzoniere del trovatore Roi Queimado*, coedición, como dixemos, de Lorenzo Gradín e de Marcenaro (2010), temos de dicir que presenta unha estrutura común —e habitual— nas edicións de cancioneros individuais. Trátase dun estudo preciso e minucioso, especialmente no que atinxe ás cuestións retóricas dos textos, que, por outra parte, coadxuvan a precisar unha imaxe xa tópica de Roi Queimado como poeta que morreu por amor apenas nos seus versos (Michaëlis, 1904: 512), debido ao insistente uso do motivo da morte de amor nas súas composicións, imaxe que foi reforzada pola cantiga de Pero Garcia Burgales *Roi Queimado morreu con amor*.

Tamén en 2010 aparece *As cantigas de Roi Fernandiz de Santiago*, de Bieito Arias Freixedo. Trátase dunha edición que, cremos, pasou un pouco desapercibida quizais polo formato de publicación (en cd-rom, aínda que tamén está dispoñíbel na rede<sup>2</sup>), e consideramos que isto debe facernos reflexionar sobre a posíbel necesidade de renovación dos usos habituais da crítica textual na presente era dixital, pois este formato facilita cuestións como a reprodución dos manuscritos asociados á transcrición paleográfica ou ao texto crítico, a dificultade da inclusión dos sempre amplos glosarios etc. O cancionero de Roi Fernandiz de Santiago foi obxecto da tese de doutoramento (1999) do profesor da Universidade de Vigo, mais esta ficara inédita até o ano 2010, aínda que xa tiveramos a oportunidade de

2. No enderezo <<http://locuscriticus.webs.uvigo.es/Roi/index8192.html?accion=presentacion>>.

acceder á edición dalgunha destas cantigas que foron incluídas na súa *Antoloxía da lírica galego-portuguesa* (2003).

Por último, publícase neste segundo lustro do século, e novamente como anexo de *Verba*, a edición de Juan Paredes do cancionero profano de Afonso X, que apareceu por vez primeira editada en Italia case unha década antes, como xa mencionamos. Na realidade, non se trata exactamente da mesma publicación, pois neste último volume incorpora algunhas das propostas editoriais de Graça Videira Lopes (2002) para as cantigas de escarnio e maldicer. Porén, a lección de moitos dos textos —especialmente satíricos— do rei Sabio ten sido nestes últimos anos obxecto de emenda, tal e como aconteceu por exemplo con *Domíngas Eanes ouve sa baralha*, para a cal Manuel Ferreiro (2010: 246-257) no seu traballo «Os *hapax* como problema e como solución» ofrece, entre outros aspectos, unha nova lectura do primeiro verso da terceira estrofa *E aquel mouro trouxe, com'arrete* por *E aquel mouro trouxe con o veite*, xustificando este vocábulo «veite» como un provenzalismo cuxo significado é «pene, membro viril».

### **Anos 2011-2015**

O período 2011-2015, o último que temos de ter en conta, posto que en 2016 non apareceron —até ao momento— edicións sobre a poesía profana galego-portuguesa<sup>3</sup>, é especialmente prolífico porque practicamente duplica ás publicacións aparecidas nos lustros previos. Isto débese en parte á representatividade que acadan os traballos desenvolvidos polo especialista italiano Simone Marcenaro —que xa mencionamos debido á súa coautoría da edición de Roi Queimado—,

3. Despois da realización deste traballo, e xusto no final do ano 2016, saíron do prelo tres novas publicacións —todas en ámbito portugués— que desexamos referir aquí, se ben sumariamente. As dúas primeiras foron editadas pola Bibliotécnica Portuguesa: *O cancionero de Airas Engeitado, trovador. Edição crítica e estudo*, debido a Andreia Querido, e resultado do seu traballo final de mestrado dirixido pola profesora Ângela Correia, que precisamente asina o segundo dos títulos, *Ama: A Importância de um Nome no Conhecimento sobre os Trovadores Medievais Galego-Portugueses*, que vén concluír o labor iniciado pola súa autora hai xa vinte anos sobre o denominado «ciclo da ama» e que inclúe, entre outros aspectos, a edición das cantigas que fan parte do ciclo e que pertencen a Joan Soarez Coelho, Fernan Garcia Esgaravunha, Juião Bolseiro, Airas Perez Vuitoron, Joan Garcia de Guilhade e Pero Garcia Burgales.

Foi tamén publicada *Cantigas medievais galego-portuguesas: corpus integral profano*, composta por dous volumes e coordinada por Graça Videira Lopes. Esta obra supón dalgún xeito a versión impresa dos textos da web *Cantigas Medievais Galego-Portuguesas*, desenvolvida pola propia Videira Lopes e por Manuel Pedro Ferreira no ano 2011, e o seu principal obxectivo é reunir en libro, cunha lectura crítica unificada, a totalidade das cantigas profanas galego-portuguesas. Con todo, neste caso as cantigas van unicamente acompañadas dunha mínima información que exclúe notas lingüísticas, editoriais etc. Temos de lembrar a este respecto que no ano 1996 foi publicada, baixo a coordinación de Mercedes Brea, a *Lírica profana galego-portuguesa. Corpus completo das cantigas medievais*, aínda que cunhas características editoriais e de contido diversas.

xa que a el se deben catro dos dez títulos que contabilizamos nestes anos. Encárgase da produción poética dos trobadores Osoir’Anes, Pero Garcia Burgales, Afonso Meendez de Beesteiros e Estevan Faian (estes dous últimos foron publicados conxuntamente no volume titulado *Trovatori alla corte di Alfonso X*) e, por último, no ano 2015, saíu do prelo o volume sobre a poesía de Afons’Eanes do Coton. Todos eles foron editados por selos italianos: a xa mencionada Edizioni dell’Orso e as romanas Carocci Editore e Aracne Editrice.

Simone Marcenaro, especialista na lírica trobadoresca galego-portuguesa e occitana da Università di Milano, eríxese así como continuador dunha longa tradición de especialistas italianos que dedicaron e dedican os seus esforzos ao estudo da literatura medieval galego-portuguesa. Alén disto, e como é obvio, se temos en conta que todos eles se deben ao mesmo editor, os catro volumes anteditos presentan grandes semellanzas entre si, nomeadamente en cuestións como a metodoloxía, os aspectos incluídos no estudo introdutorio, o achegamento á biografía dos trobadores etc. Con todo, e concretamente nas edicións de Osoir’Anes e na de Afons’Eanes do Coton, achamos en falta a presenza dalgunhas informacións adicionais como os repertorios ou as variantes editoriais, que resultarían de grande utilidade para o especialista que se achega a estes textos.

Na nosa opinión, os traballos de Marcenaro destacan especialmente polas precisas análises retóricas e literarias das cantigas, na esteira de traballos para nós paradigmáticos da escola filolóxica italiana como os realizados por Giulia Lanciani (1977) ou Ettore Finazzi-Agrò (1979) sobre Fernan Velho e Joan Meendiz de Briteiros respectivamente.

Alén destes títulos, no ano 2011 aparece como artigo na *Revista galega de filoloxía* a edición das dúas cantigas de Roi Gomez ‘O freire’ por Antonio Fernández Guiadanes e Marina Meléndez Cabo, procedemento de publicación seguido tamén por Miguel Ángel Pousada Cruz para a divulgación do texto crítico das seis cantigas atribuídas a Sancho Sanchez, xa no ano 2015. Son ambas edicións coidadas, aínda que chama a atención nas dúas a ausencia de comentario retórico-estilístico dos textos, que contrasta, por outra banda, cun desenvolvemento particularmente amplo das notas (de carácter eminentemente lingüístico e ecdótico). Noutro sentido, cumpriría destacar no caso de Roi Gomez as traballadas e fundamentadas hipóteses sobre a personalidade histórica do trobador.

Características semellantes aos previos presenta a edición do trobador portugués Fernan Fernandez Cogominho, da responsabilidade de Déborah González Martínez, que saíu á luz en 2012 como anexo da revista *Verba*. Porén, neste caso a editora si inclúe un comentario retórico-literario que coloca, na sección dedicada a cada cantiga, en posición final, de maneira que —entendemos— dá prioridade a cuestións que a anteceden como é o caso das notas aos versos. Por outra parte,



é especialmente sistemática e rigorosa a análise e exposición dos testemuños manuscritos que transmitiron as cantigas de Cogominho.

Hai escasamente dous anos que apareceu, da man de Rip Cohen, unha nova lectura do cancionero de Pero Meogo, que veu unirse ás xa realizadas por Xosé Luís Méndez Ferrín nos anos sesenta, ou á do brasileiro Leodegário de Azevedo Filho (1974). Continúa así Cohen co seu traballo sobre as cantigas de amigo, polas que ten amosado especial predilección, pois lembremos que xa no ano 1987 publicou *Thirty-two cantigas d'amigo of Dom Dinis, typology of a Portuguese renunciation*. Esta nova edición pon de manifesto o fondo coñecemento que o editor ten da lírica trobadoresca galego-portuguesa no seu conxunto, exemplificado neste caso polo pormenorizado estudo que desenvolve a propósito da eventual lectura das cantigas como unha secuencia narrativa, para a cal se apoia en cuestións métrico-retóricas ou na imaxe do cervo na fonte, entre outros aspectos.

Por último, tamén no ano 2014, e en colaboración co profesor Manuel Ferreiro, editamos o cancionero de Pero Mafaldo, e hai uns meses, en decembro de 2015, saíu do prelo *A visión do amor no cancionero de Don Denis. Estudo e edición de 33 cantigas de amor*.

### 3. CONSIDERACIÓNS FINAIS

Unha vez realizada esta sintética panorámica desexamos comentar algúns dos datos obtidos e reflexionar sobre diversas cuestións que poderán eventualmente orientar os camiños editoriais da poesía profana galego-portuguesa neste século XXI.

En primeiro lugar, e en relación á procedencia dos editores e editoras, os datos son bastante continuístas a respecto do que xa aconteceu nas últimas décadas do século XX, desde a aparición dos primeiros resultados editoriais da escola filolóxica italiana. Así, a maior parte das edicións proceden de ámbito galego, aínda que tamén os editores italianos acadan neste período grande relevancia, sobre todo debido ao número de publicacións, pois, como vimos, varios dos traballos se deben a Simone Marcenaro, mentres que por exemplo as edicións procedentes de Portugal son escasas até ao final do período analizado, que afortunadamente trae consigo as achegas de Querido, Correia e Videira Lopes (véxase nota 4).

Noutro sentido, sería desexábel o emprego unánime das *Normas de edición para a poesía trobadoresca galego-portuguesa medieval* (2007) con que contamos desde hai case unha década grazas á iniciativa de tres profesores da Universidade da Coruña, Manuel Ferreiro, Carlos Paulo Martínez Pereiro e Laura Tato Fontaña, e á colaboración e apoio doutros nove investigadores da nosa poesía trobadoresca das Universidades de Santiago de Compostela e de Vigo. Este acordo posúe a

«vocación e a potencialidade de extensión da proposta aos editores portugueses, brasileiros e italianos etc» (Ferreiro, Martínez Pereiro, Tato Fontaíña, 2007: 11), e incide naqueles aspectos en que existía unha maior variación nas edicións críticas convencionais, coadxuvando á consecución dun equilibrio e regularización necesarios para a realización dun labor crítico que contribúa a restabelecer o noso legado trobadoresco.

A respecto das notas que acompañan ao texto crítico, concordamos completamente coas palabras de Elsa Gonçalves cando di que «não raro explicam o óbvio e ignoram os verdadeiros problemas, especialmente os sintácticos. E que utilidades têm as prolixas notas sobre termos do léxico trovadoresco já suficientemente estudados em edições de outros trovadores?» (Gonçalves, 2007: 50).

Temos de nos cuestionar, finalmente, a necesidade de incluír nas edicións extensos glosarios ou mesmo a reprodución dos manuscritos, aparatos que engrosan o volume, dificultan a posibilidade de publicación, e son elementos que nesta era dixital temos ao noso dispor en rede, grazas a ferramentas como a web *Cantigas Medievais Galego-Portuguesas*, dependente do Projecto Littera da Universidade Nova de Lisboa (Lopes e Ferreira, 2011-), a recentemente aparecida versión 3.1 de *MedDB: Base de datos da Lírica Profana Galego-Portuguesa* do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades ou o *Glosario da poesía medieval profana galego-portuguesa* (Ferreiro, 2014-), coordinado por Manuel Ferreiro, da Universidade da Coruña, traballo que terá a súa continuación no portal *Universo Cantigas*, que acollerá a edición crítica dixital dos textos que integran a poesía profana galego-portuguesa.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ARBOR ALDEA, Mariña (2001): *O cancionero de don Afonso Sanchez. Edición e estudio*, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela.
- ARBOR ALDEA, Mariña (2009): «*Estevan Perez, merino maor por el Infante don Sancho en terra de Leon e de Asturias... Edición e anotación da súa cantiga *Señhor, se o outro mundo pasar (B 923, V 511)**», *Revista galega de filoloxía*, 9, 11-42.
- ARBOR ALDEA, Mariña (2013): «Edición e edicións: a propósito de crítica textual e lírica medieval (profana) galego-portuguesa (I)», *Revista galega de filoloxía*, 14, 11-41.
- ARIAS FREIXEDO, Xosé Bieito (2003): *Antoloxía da lírica galego-portuguesa*, Xerais, Vigo.
- ARIAS FREIXEDO, Xosé Bieito (2010): *As cantigas de Roi Fernandiz de Santiago*, Universidade de Vigo, Vigo [Cd-rom].

- BREA, Mercedes (coord.) (1996): *Lírica profana galego-portuguesa. Corpus completo das cantigas medievais, con estudio biográfico, análise retórica e bibliografía específica*, Xunta de Galicia / Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, Santiago de Compostela.
- COHEN, Rip (1987): *Thirty-two cantigas d'amigo of Dom Dinis, typology of a Portuguese renunciation*, Hispanic Seminary of Medieval Studies, Madison.
- COHEN, Rip (2003): *500 Cantigas d'Amigo*, Campo das Letras, Porto.
- COHEN, Rip (2014): *The Cantigas of Pero Meogo. Edited with Introduction and Commentary*, Virtual Center for the Study of Galician-Portuguese Lyric.
- CORREIA, Ângela (2016): *Ama: A Importância de um Nome no Conhecimento sobre os Trovadores Medievais Galego-Portugueses*, Bibliotrónica Portuguesa, Lisboa.
- EIRÍN GARCÍA, Leticia (2015): *A visión do amor no cancionero de Don Denis. Estudo e edición de 33 cantigas de amor*, Laivento, Santiago de Compostela.
- EIRÍN GARCÍA, Leticia e FERREIRO, Manuel (2014): *O Cancioneiro de Pero Mafaldo. Edición crítica*, Centro Ramón Piñeiro para a investigación en Humanidades, Santiago de Compostela.
- FERNÁNDEZ GUIADANES, Antonio e MELÉNDEZ CABO, Marina (2011): «Apuntes para a investigación en lírica profana galego-portuguesa: a figura de Roi Gomez, o Freire, e as súas cantigas», *Revista galega de filoloxía*, 12, 37-72.
- FERREIRO, Manuel (2010): «Os *hapax* como problema e como solución», en Arbor Aldea, Mariña e Guidanes, Antonio F. (eds.), *Estudos de edición crítica e lírica galego-portuguesa*, Anexo 67 de Verba. Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 239-261.
- FERREIRO, Manuel (dir.) (2014-): *Glosario da poesía medieval profana galego-portuguesa*, Universidade da Coruña <<http://glossa.gal>>.
- FERREIRO, Manuel / MARTÍNEZ PEREIRO, Carlos Paulo e TATO FONTAÍÑA, Laura (2008): *A edición da poesía trobadoresca en Galiza*, Baía Edicións, A Coruña.
- FILHO, Leodegário A. de Azevedo (1995) [1974]: *As cantigas de Pero Meogo*, Laivento, Santiago de Compostela.
- FINAZZI-AGRÒ, Ettore (1979): *Il canzoniere di Johan Mendiz de Briteyros*, Japadre Editore, L'Aquila.
- FREGONESE, Roberta (2007): *Joham Vaasquiz de Talaveyra. Poesie e Tenzoni*, Edizioni Spolia [copia *Ex Libris* sobre eBook].
- GONÇALVES, Elsa (2007): «Sobre edições da lírica galego-portuguesa: uma reflexão», en Correia, Ângela e Sobral, Cristina (coords.), *Edição de texto. II Congresso Virtual do Departamento de Literaturas Românicas / Textual editing. Second Virtual Congress of the Romance Literature Department*, Lisboa, 16 a 20 de Abril de 2007.

- GONZÁLEZ MARTÍNEZ, Déborah (2012): *O cancionero de Fernan Fernandez Cogominho. Estudo e edición crítica de Déborah González Martínez*, Anexo 69 de Verba. Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela.
- LANCIANI, Giulia (1977): *Il canzoniere di Fernan Velho. Edizione critica, con introduzione, note e glosario*, Japadre Editore, L'Aquila.
- LANG, Henry Roseman (1972) [reimp. facs. da ed. de 1894]: *Das Liederbuch des Königs denis von Portugal*, Georg Olms, Hildesheim.
- LAPA, Manuel Rodrigues (1995) [1965]: *Cantigas d'escarnho e de maldizer dos cancioneros medievais galego-portugueses*, Ir Indo Edicións / Edições João Sá da Costa, Vigo / Lisboa.
- LONGO, Nicoletta (2003): *Dom Afonso Sanchez. Le poesie. Edizione critica, introduzione e glossario a cura di Nicoletta Longo*, Bagatto Libri, Roma.
- LOPES, Graça Videira (2002): *Cantigas de escárnio e maldizer dos trovadores e jograis galego-portugueses*, Estampa, Lisboa.
- LOPES, Graça Videira (2016): *Cantigas medievais galego-portuguesas: corpus integral profano*, Biblioteca Nacional de Portugal, Lisboa.
- LOPES, Graça Videira e FERREIRA, Manuel Pedro et alii (2011-), *Cantigas Medievais Galego-Portuguesas [base de dados online]*, Instituto de Estudos Medievais, FCSH/NOVA <<http://cantigas.fcsh.unl.pt>>.
- LORENZO GRADÍN, Pilar (2008): *Don Afonso Lopez de Baian. Cantigas*, Edizioni dell'Orso, Alessandria.
- LORENZO GRADÍN, Pilar e MARCENARO, Simone (2010): *Il canzoniere del trovatore Roi Queimado*, Edizioni dell'Orso, Alessandria.
- LORENZO, Ramón (2005): «Rip Cohen, *500 cantigas d'amigo. Edição crítica de — / Critical Edition by \_*, Porto: Campo das Letras, 2003», *Românica, Revista de Literatura*, 14, 217-228.
- MARCENARO, Simone (2012): *Osoiro Anes. Cantigas*, Carocci editore, Roma.
- MARCENARO, Simone (2012): *Pero Garcia Buralés. Canzoniere: Poesie d'amore, d'amico e di scherno* Edizioni dell'Orso, Alessandria.
- MARCENARO, Simone (2013): *Trovatori alla corte di Alfonso X. Afonso Mendez de Besteiros e Estevan Faian*, Aracne editrice, Roma.
- MARCENARO, Simone (2015): *Afons Anes do Coton. Cantigas*, Carocci editore, Roma.
- MedDB: *Base de datos da Lírica Profana Galego-Portuguesa*, Versión 3.1, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades <<http://cirp.gal>>.
- MÉNDEZ FERRÍN, Xosé Luís (1966): *O cancionero de Pero Meogo*, Galaxia, Vigo.
- NUNES, José Joaquim (1972) [1932]: *Cantigas d'Amor dos Trovadores Galego-Portugueses. Edição crítica acompanhada de introdução, comentário, variantes, e glossário*, Centro do Livro Brasileiro, Lisboa.

- NUNES, José Joaquim (1973) [1926-28]: *Cantigas d'Amigo dos Trovadores Galego-Portugueses. Edição crítica acompanhada de introdução, comentário, variantes, e glossário*, Centro do Livro Brasileiro, Lisboa.
- PARDO DE NEYRA, Xulio (2005): *Martín de Padrozelos, o primeiro trovador da lírica galego-portuguesa?*, Toxosoutos, Noia.
- PAREDES, Juan (2001): *El cancionero profano de Alfonso X El Sabio*, Japadre editore, L'Aquila.
- PAREDES, Juan (2010): *El cancionero profano de Alfonso X el Sabio. Edición crítica, con introducción, notas y glosario*, Anexo 66 de Verba. Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela.
- POUSADA CRUZ, Miguel Ángel (2015): «Las cantigas de Sancho Sanchez, clérigo», *Estudios Románicos*, 24, 173-196.
- QUERIDO, Andreia (2016): *O cancionero de Airas Engeitado, trovador. Edição crítica e estudo*, Bibliotónica Portuguesa, Lisboa.
- TATO FONTAÍÑA, Laura (2007): *O cancionero de Pero Meendiz da Fonseca. Edición crítica*. Centro Ramón Piñeiro para a investigación en Humanidades, Santiago de Compostela.
- VÍÑEZ SÁNCHEZ, Antonia (2004): *El trovador Gonçal'Eanes Dovinhal. Estudio histórico y edición*, Anexo 55 de Verba. Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela.

